

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Exame: Mercadorías A

Duración: 120 MINUTOS

Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a responder:

Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a responder:

Nome e apelidos

Nombre y apellidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)


MERCADORÍAS

30/07/2020

10.30 H

-GALEGO-

MODELO "A"



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

1. Respecto dos pneumáticos dun camión, como se pode describir o fenómeno da histérese?

- a) O mecanismo de seguridade polo que se aumenta a presión dos pneumáticos.
- b) O mecanismo psíquico polo que o condutor supera o nivel máximo de tensión.
- c) O mecanismo físico polo que o pneumático desenvolve a súa adherencia.
- d) O mecanismo físico polo que o movemento do vehículo se interrompe..

2. En todo vehículo que transporte mercadoría perigosa, sexa cal for a súa MMA, debe levar polo menos:

- a) un extintor de, polo menos, 2 kg de po para facer fronte a un incendio do motor ou da cabina.
- b) dous extintores de, polo menos, 10 kg de capacidade total e adecuados para facer fronte a un incendio nas mercadorías concretas transportadas.
- c) un extintor de, polo menos, 5 kg e adecuado para facer fronte a un incendio na mercadoría transportada.
- d) dous extintores de, polo menos, 15 kg de capacidade total e adecuados para facer fronte a un incendio nas mercadorías concretas transportadas.

3. Cando nun recipiente que contén mercadoría perigosa sexa necesario indicar máis dun perigo mediante as correspondentes etiquetas, onde se colocarán?

- a) En caras opostas.
- b) Unha á beira da outra.
- c) Só debe colocarse a etiqueta do perigo principal.
- d) En caras opostas, pero indicando no seu interior o número de etiquetas existentes.

4. Cando se realiza un transporte de mercadorías perigosas nunha cisterna cargada de líquido, o movemento da carga afecta...

- a) de forma importante ao gasto total de combustible.
- b) ao proceso de desgaste dos pneumáticos, sobre todo nas curvas.
- c) ao control do vehículo mediante o "efecto onda".
- d) á corrosión da parede interior da cisterna.

5. A forza que opón resistencia ao movemento entre a superficie do pneumático dun camión e a calzada denomínase:

- a) resistencia por rozamento.
- b) desprazamento de masas.
- c) forza de molaridade.
- d) resistencia á pendente.

6. Que é a quinta roda dun tractocamiión?

- a) Un axente rachante.
- b) Un dispositivo de enganche.
- c) Un dispositivo de velocidade.
- d) Un dispositivo de aceleración.

7. Se a traxectoria curva é de menor radio que a curva que se pretende describir, o camión atópase en:

- a) guiñada.
- b) sobreviraxe.
- c) cabeceo.
- d) subviraxe.

8. Que supón un incremento da altura do centro de gravidade do vehículo?

- a) Mellor aceleración.
- b) Un incremento da estabilidade do vehículo.
- c) Diminúe o risco nas curvas.
- d) Incrementa o risco ante a posibilidade de realizar unha manobra brusca para esquivar un perigo.

9. Un factor que pode afectar á estabilidade do vehículo é:

- a) a forza termotecnia lateral.
- b) a posición do centro de gravidade.
- c) a masa radial.
- d) a masa neta que se pode levantar.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

10. Cal é un factor que pode representar un freo á expansión das empresas españolas de transporte internacional?

- a) A deslocalización de empresas industriais desde España cara aos países do leste de Europa.
- b) A entrada no mercado sen restricións dos transportistas dos novos estados membros da Unión Europea.
- c) Os sucesivos incrementos do prezo do gasóleo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Cando se debe indicar a identificación do perigo da mercadoría e o número ONU dentro dos paneis laranxa que sinalan un vehículo que transporta mercadoría perigosa?

- a) Sempre.
- b) Cando sexa un vehículo cunha MMA superior a 10 toneladas.
- c) Cando sexa un vehículo cisterna.
- d) Cando se transporte unha mercadoría considerada especialmente perigosa polo ADR.

12. Como se chama o vehículo de construción reforzada, de gran manobrabilidade e apto para todo terreo?

- a) Basculante.
- b) Reforzado.
- c) Dumper.
- d) Capitoné.

13. Que clase de autorizacións permiten o exercicio de actividades complementarias do transporte?

- a) A autorización de clase EC, para o exercicio da actividade de estacións de mercadorías e centros lóxicos.
- b) A autorización de clase AD, para o exercicio da actividade de almacenista-distribuidor de mercadorías en carga fraccionada.
- c) A autorización de clase TT, para o exercicio da actividade de transitario.
- d) A autorización de clase OT.

14. No transporte de mercadorías perigosas, unha vez preparados os vultos para a súa expedición:

- a) non deben levar ningunha materia perigosa adherida no exterior.
- b) deben ser abertos polo condutor.
- c) poden ter perdas de contido sempre que sexa por vibracións.
- d) poden levar algunha materia perigosa adherida no exterior.

15. Cando a actividade principal da empresa sexa o transporte de mercadorías, os servizos deste tipo que realice non poderán considerarse:

- a) servizos de carácter público.
- b) servizos discrecionais públicos, pero si servizos regulares.
- c) servizos internacionais.
- d) servizos de carácter privado complementario.

16. Para que condutores é necesario un certificado de condutor estranxeiro?

- a) Só para os condutores con nacionalidade de Marrocos, Bolivia, Islandia, Noruega e Liechtenstein.
- b) Para todos os que non sexan españois.
- c) Soamente para os procedentes de América Latina.
- d) Para os que non teñan nacionalidade dun Estado da Unión Europea ou de Islandia, Noruega e Liechtenstein.

17. Tendo en conta o seu MMA, que vehículos de transporte de mercadorías están obrigados a levar instalado un limitador de velocidade?

- a) Vehículos entre 3,5 e 6 toneladas.
- b) Vehículos entre 6 e 12 toneladas.
- c) Vehículos con MMA superior a 12 toneladas.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

18. Nun vehículo destinado ao transporte de mercadorías cunha antigüidade de catro anos e cuxa MMA é de 2,5 toneladas o prazo para pasar a inspección técnica será:

- a) bienal.
- b) anual.
- c) semestral.
- d) voluntario porque está exento.

19. O acordo internacional que regula as condicións de transporte das distintas mercadorías perecedoiras e os requisitos dos vehículos utilizados denomínase...

- a) ALP.
- b) NBA.
- c) ATD.
- d) ATP.

20. A masa máxima autorizada para o eixo tándem dun remolque ou semirremolque, cando a separación entre o dous eixos é igual ou superior a 1,8 metros, será de:

- a) 20 toneladas.
- b) 28 toneladas.
- c) 26 toneladas.
- d) 35 toneladas.

21. Que se debe comprobar para saber se se pode transportar unha determinada cantidade de mercadorías?

- a) A masa insubstancial da mercadoría.
- b) O centro de gravidade da carga.
- c) Os trámites administrativos.
- d) Que se dispón do espazo e o acondicionamento necesario para aloxar correctamente a mercadoría transportada.

22. Como se denominan as accións ou influencias que modifican o estado de movemento ou de repouso dun camión?

- a) Forzas.
- b) Resistencias.
- c) Resortes.
- d) Facultades.

23. Cal dos seguintes transportes internacionais de mercadorías entre países integrados no sistema de autorizacións CEMT está liberalizado?

- a) O transporte de produtos hortofrutícolas.
- b) O transporte de leite en vehículos cisterna debidamente acondicionados.
- c) O desprazamento en baleiro dun vehículo destinado a substituír a outro que quedou fóra de servizo no estranxeiro.
- d) As respostas B e C son correctas.

24. Como se denomina o transporte internacional que atravesa un país sen tomar nin deixar mercadorías no mesmo?

- a) Triangular.
- b) Liberalizado.
- c) Irregular.
- d) En tránsito.

25. Requírese algunha autorización para exercer a actividade de transitario en España?

- a) A autorización de exportador/importador concedida polo Ministerio de Facenda.
- b) A autorización de operador de transporte de mercadorías.
- c) A autorización como axencia internacional de transporte de mercadorías.
- d) Non se require ningunha; é unha actividade liberalizada.

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

26. Como debe estar o motor para comprobar o nivel do aceite con exactitude?

- a) En funcionamento, porque así se obtén unha idea real de como se engraxan as pezas cando están a traballar.
- b) Parado e en quente.
- c) Parado e en frío.
- d) Non importa como estea o motor, con tal que o vehículo se atope en chairo.

27. Nun automóbil provisto de embrague de fricción en seco, cando non se pisa o pedal do embrague, a transmisión do movemento do volante motor á caixa de velocidades realízase:

- a) mediante un servomecanismo hidroneumático.
- b) mediante uns resortes que premen o disco de embrague entre o prato de presión e o volante motor.
- c) mediante unha roda turbina e unha roda bomba.
- d) a través da forza de circulación do aceite contido no embrague.

28. Das seguintes indicacións, cal é incorrecta para seleccionar unha relación de marchas máis alta?

- a) Mirar no manual o rango óptimo de operación segundo as revolucións do motor.
- b) A experiencia na condución.
- c) Pisar o pedal do freo.
- d) Observar a velocidade do vehículo.

29. Que problemas pode dar un aceite de viscosidade demasiado baixa?

- a) Que non se forma unha película de aceite suficientemente resistente.
- b) Que arrastre poucos pousos e residuos, así como que non pulverice e emulsione a carbonilla.
- c) Que se descompoña e non permaneza inalterable co tempo.
- d) Que dea problemas para arrincar en tempo frío, porque flúe demasiado lentamente polas canalizacións.

30. Que relación xeral hai entre a resistencia aerodinámica e a velocidade?

- a) A resistencia aerodinámica é o dobre que a velocidade.
- b) A resistencia aerodinámica crece co cadrado da velocidade.
- c) A resistencia aerodinámica non está relacionada coa velocidade.
- d) A resistencia aerodinámica decrece coa velocidade.

31. Nun panel laranxa dos que identifican un vehículo que transporta mercadoría perigosa, o número de identificación de perigo:

- a) indícase na parte superior do panel.
- b) indícase na parte inferior do panel.
- c) indícase na parte dereita do panel.
- d) indícase na parte esquerda do panel.

32. As leis vixentes consideran accidente de traballo a:

- a) todo dano que o traballador produce con ocasión do traballo que se executa.
- b) toda lesión corporal ou dano material que o traballador produce con ocasión do traballo que se executa.
- c) toda lesión corporal que o traballador sofre con ocasión do traballo que se executa.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

33. durante a condución e para previr os efectos da fatiga, é recomendable efectuar descansos polo menos cada:

- a) 4 horas e media.
- b) 1 hora.
- c) 2 horas.
- d) 1 hora e media

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

34. Antes de iniciar a marcha, e co motor funcionando, o condutor dun vehículo pesado deberá:

- a) comprobar o nivel do aceite.
- b) proceder ao cambio de aceite.
- c) esperar a que o circuíto pneumático teña suficiente presión.
- d) baleirar de aire os caldeiríns.

35. Circulando por pendentes ascendentes ou descendentes é recomendable:

- a) saltar velocidades sempre que se circule en seco.
- b) reducir a aceleración.
- c) saltar velocidades sempre que sexa necesario.
- d) utilizar cambios manuais en lugar de automáticos.

36. O sistema de freos ABS (antiblock brake system) é un dispositivo...

- a) que permite manter a suspensión amortecida ao frear o vehículo.
- b) que evita o bloqueo das rodas ao frear o vehículo.
- c) que evita a perda de tracción das rodas propulsoras.
- d) que non permite frear un vehículo, salvo en situacións de emerxencia.

37. Para saber se un ferido respira, que debemos facer?

- a) Axitalo fortemente.
- b) Gritarlle.
- c) Tentar escoitalle respirar e observar os movementos do peito.
- d) Pellizcalo.

38. O tapón que se atopa no cárter dun motor de combustión...

- a) permite que se forme baleiro no interior do cárter.
- b) impide que se forme baleiro no interior do cárter.
- c) permite o baleirado do aceite do cárter.
- d) permite o enchido de líquido refrixerante.

39. A prevención de riscos no transporte debe ser unha obrigaón:

- a) exclusivamente do traballador.
- b) do empresario e tamén do traballador.
- c) exclusivamente do empresario.
- d) exclusivamente das autoridades.

40. Cal das seguintes condutas non é recomendable para o traballo de pé?

- a) Alternar no posible estar de pé con sentar.
- b) Os chans de materiais capaces de amortecer parte do peso son preferibles aos ríxidos.
- c) Utilizar zapatos de tacón completamente plano.
- d) Hai que conservar a columna recta.

41. Nun embrague de fricción en seco, que elemento é o que se encarga de premer o disco de embrague contra o volante de inercia?

- a) O prato de presión.
- b) A cuberta.
- c) A carcasa.
- d) O sistema de mando do embrague.

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

42. A seguridade pasiva, como se denomina?

- a) Seguridade dinámica.
- b) Seguridade secundaria.
- c) Seguridade primaria.
- d) Seguridade estática.

43. Por que é tan difícil apagar unha roda aínda facéndoo cun axente extintor sólido ou gaseoso?

- a) Pola termodinámica.
- b) Por ser de forma redonda.
- c) Pola pirólise.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

44. Nun motor de combustión, o par motor máximo conséguese...

- a) cando o motor vira ao máximo de revolucións.
- b) cando o motor vira ao mínimo de revolucións.
- c) cando o motor vira a un réxime medio de revolucións.
- d) cando o vehículo circula en pendente ascendente.

45. Sinale a resposta correcta.

- a) A declaración amigable de accidente determina a responsabilidade do sinistro.
- b) A declaración amigable de accidente é vinculante para as entidades aseguradoras en canto á indemnización dos danos materiais.
- c) A declaración amigable de accidente axiliza o pago de indemnizacións derivadas dun sinistro.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

46. Sinale a afirmación incorrecta.

- a) No impreso da declaración amigable de accidente débense anotar os datos correspondentes ás compañías aseguradoras, indicando, entre outros, o seu nome ou razón social, domicilio e número de póliza.
- b) No impreso da declaración amigable de accidente deben indicarse e verificarse os datos relativos aos condutores dos vehículos implicados.
- c) Ao cubrir unha declaración amigable de accidente, en caso de accidente cun condutor estranxeiro hai que pedirlle a Carta Verde ou Certificado Internacional de Seguro.
- d) A declaración amigable de accidente consegue maiores indemnizacións.

47. Dos semáforos reservados para vehículos, que sinal obriga a deterse nas mesmas condicións que se se tratase dunha luz vermella fixa?

- a) Unha luz verde non intermitente.
- b) Unha luz amarela non intermitente.
- c) Unha luz amarela intermitente ou dúas luces amarelas alternativamente intermitentes.
- d) Unha luz laranxa.

48. O diferencial do sistema de transmisión atópase situado...

- a) entre os palieres.
- b) sempre no eixo directriz.
- c) sempre no eixo dianteiro.
- d) entre o embrague e a caixa de velocidades.

49. Por que se perden os clientes dunha empresa de transportes?

- a) Por presentar unha reclamación.
- b) Por non obter resposta ás súas necesidades.
- c) Por tratalos mellor que a competencia.
- d) Pola fiabilidade do servizo.

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congresos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

50. No seu contacto cos clientes da empresa, que deberá ter en conta o condutor?

- a) Dar un trato cortés aos clientes.
- b) Non atendelos de forma persoalizada.
- c) Non debe dar información.
- d) Debe ter un trato frío e distante.

51. Para os condutores de vehículos destinados ao transporte de mercadorías con MMA superior a 3.500 kg e dos destinados ao transporte de viaxeiros de máis de nove prazas, cal é a taxa de alcol en sangue máximo permitido?

- a) 0,5 g/l.
- b) 0,7 g/l.
- c) 0,30 g/l.
- d) 0,15 g/l.

52. Cal non é un contido fundamental na comunicación co cliente?

- a) Isto é o que somos.
- b) Isto é o que queremos.
- c) Isto é o que cremos.
- d) Isto é o que podemos facer por vostede.

53. É o consumo específico algo característico do motor e depende só do seu deseño ou depende da forma e estilo de condución?

- a) É característico do motor e só depende do seu deseño.
- b) Só depende da forma e estilo de condución.
- c) Depende tanto do deseño do motor como da forma e estilo de condución.
- d) Non depende de ningún dos dous factores mencionados.

54. Os fundadores e administradores dunha sociedade anónima deberán presentar a inscrición no Rexistro Mercantil a escritura de constitución no prazo de:

- a) 2 meses a partir do seu outorgamento.
- b) 4 meses a partir do seu outorgamento.
- c) 6 meses a partir do seu outorgamento.
- d) 1 ano a partir do seu outorgamento.

55. Nun vehículo pesado, que indica o manómetro?

- a) A velocidade á que se circula.
- b) A presión á que circula o líquido refrixerante polo circuíto.
- c) A presión no sistema de lubricación ou no sistema pneumático de freos.
- d) A cantidade de carburante que queda dispoñible.

56. Por que a velocidade implica un incremento do nivel de risco na condución?

- a) Aumenta o nivel de adherencia dos pneumáticos.
- b) Diminúe o nivel de atención.
- c) Esixe decisións máis rápidas e cunha marxe de erro maior.
- d) Esixe decisións máis rápidas e cunha marxe de erro menor.

57. Que haberá na parte superior debaixo da data de calquera documento impreso extraído do tacógrafo dixital?

- a) O pictograma do tacógrafo que utiliza.
- b) O pictograma que indica un incidente.
- c) O pictograma que indica o tipo de documento impreso.
- d) O pictograma que indica un fallo.

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

58. Que parte do aparello de control vai instalado na caixa de cambios do vehículo?

- a) A impresora.
- b) O sensor de movemento.
- c) O conector de descarga.
- d) O lector de tarxetas.

59. Que figura no flanco dun pneumático para indicar que é de estrutura radial?

- a) A letra R.
- b) Regroobable.
- c) O símbolo U.
- d) Non hai nada que o indique.

60. Como se pode detectar que o circuíto pneumático de freos non ten estanquidade?

- a) Se ao frear bloquéanse as rodas é que non hai estanquidade.
- b) Se ao frear non se bloquean as rodas é que non hai estanquidade.
- c) Comprobando o nivel a través da balea medidora.
- d) Cando ao comprobar o manómetro, este marque unha presión inferior á mínima.

61. A un pneumático sen cámara, débesele comprobar a presión de inflado?

- a) Non, porque ao posuír un revestimento especial polo seu interior non hai perdas.
- b) Non, porque ao estar montada a válvula na propia lamia non hai perdas.
- c) Non, porque debido ao grosor dos talóns non hai perdas.
- d) Si, con certa frecuencia.

62. Para aforrar carburante é preferible utilizar...

- a) marchas longas.
- b) marchas curtas.
- c) vehículos con caixas de cambio automático.
- d) unha relación de marchas que permita funcionar o motor a altas revolucións.

63. O número de relación de marchas que posúa unha caixa de velocidades, permite a un condutor reducir o consumo de carburante do automóbil?

- a) Si, a maior número de marchas maior facilidade para reducir o consumo.
- b) Si, a menor número de marchas maior facilidade para reducir o consumo.
- c) Non, o número de marchas só influir na potencia que forneza o motor.
- d) Non, o número de marchas só influir no par motor fornecido.

64. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O par motor máximo.
- b) O consumo específico.
- c) A octanaxe do carburante.
- d) A potencia.

65. Como se denominan os envases de metal ou plástico, de sección rectangular ou poligonal, provistos dun ou varios orificios?

- a) Toneis.
- b) Bidóns.
- c) Xerricáns.
- d) Caixas.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

66. En que se diferencia un pneumático en cuxo flanco figura 285/65 R 18 82V doutro no que figura 285/75 R 18 82V?

- a) Na altura do pneumático ou perfil.
- b) Na anchura.
- c) No índice de velocidade.
- d) No índice de carga.

67. O freo de tambor está formado por unha banda fixa e outra móbil, como se chama cada unha?

- a) A parte móbil, zapata, e a parte fixa, tambor.
- b) A parte móbil, tambor e a parte fixa, zapata.
- c) A parte fixa, prato e a parte móbil, zapatas.
- d) A parte fixa, prato e tambor e a parte móbil, zapatas.

68. Que tipo de lamia presenta o inconveniente de ser máis propensa á corrosión electrolítica?

- a) As de aceiro estampado.
- b) As de aliaxe lixeira.
- c) As de radios.
- d) Ningunha presenta este inconveniente.

69. Cando un vehículo está en movemento posúe unha enerxía cinética que será maior...

- a) canto maior sexa a súa masa.
- b) canto menor sexa a súa masa.
- c) canto maior sexa a súa altura.
- d) canto menor sexa a súa altura.

70. Cando se fala da válvula de catro vías, está a facerse referencia...

- a) ao sistema de lubricación.
- b) ao sistema pneumático de freos.
- c) á válvula que se monta na lamia dos pneumáticos sen cámara.
- d) á válvula que se monta na lamia dos pneumáticos con cámara.

71. Cal pode ser unha das causas do descenso do número de falecidos e feridos graves por accidente?

- a) O aumento do parque móbil.
- b) A eficacia e utilización dos elementos de seguridade activa e pasiva.
- c) A crise económica.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

72. Dos distintos tipos de sinais de circulación, cales son prioritarias?

- a) Os sinais e ordes dos axentes de circulación.
- b) Os sinais verticais de circulación.
- c) As marcas viarias.
- d) A sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.

73. Que accidente pode producirse como consecuencia dunha mala colocación da carga?

- a) Sobreesforzos.
- b) Caída de obxectos ao manipulalos.
- c) Esmagamento por envorco da maquinaria de traballo.
- d) Golpes con ferramentas e outros obxectos.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

74. En que momento está obrigado o condutor a levar consigo a tarxeta de cualificación profesional?

- a) Sempre.
- b) Nunca.
- c) Só cando conduza o vehículo.
- d) Só cando se atope dentro da empresa.

75. Que elemento dun automóbil transforma o movemento de xiro en movemento de avance dun vehículo?

- a) O cigüeñal.
- b) A árbore de levas.
- c) As rodas.
- d) A caixa de velocidades.

76. Por que é importante aumentar a distancia de seguridade en caso de néboa?

- a) Pola posibilidade de patinar.
- b) Por non verse o espazo de diante do vehículo.
- c) Por ter máis tempo para frear.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

77. Tendo en conta a clasificación do ADR, que clase de mercadorías perigosas pertencen á Clase 5.2?

- a) Materias comburentes.
- b) Materias radioactivas.
- c) Peróxidos orgánicos.
- d) Materias corrosivas.

78. Cales son as vías de entrada das substancias perigosas ao organismo?

- a) Vía dérmica, vía respiratoria e vía dixestiva.
- b) Vía dérmica e vía respiratoria.
- c) Vía respiratoria e vía dixestiva.
- d) Vía dérmica, vía respiratoria e vía sanguínea.

79. O dispositivo de produción de frío dos vehículos frigoríficos que transporten mercadorías perigosas das Clases 4.1 e 5.2, que condición debe cumprir?

- a) Debe funcionar en conxunto co motor de propulsión do vehículo.
- b) Debe funcionar mentres o vehículo estea en marcha.
- c) Deberá poder funcionar con independencia do motor de propulsión do vehículo.
- d) Só funcionará cando haxa carga.

80. Que se entende por profesionalidade?

- a) Experiencia e contactos.
- b) Capacidade para enmascarar un mal servizo.
- c) Coñecemento e habilidades necesarias para un bo servizo.
- d) Transporte sen riscos.

81. O conxunto de coñecementos e técnicas que ten como obxectivo a mellor adaptación da persoa á actividade que desenvolve denomínase:

- a) fisioloxía.
- b) autonomía.
- c) ergonomía.
- d) laboriosidade.

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

82. Que factor inflúe na resistencia á rodadura dun pneumático?

- a) O traballo de flexión do pneumático.
- b) A utilización de pneumáticos "biasbelted".
- c) A utilización de pneumáticos sen as inscricións regulamentarias nos laterais.
- d) Non hai ningún factor que inflúa na resistencia á rodadura xa que esa é unha características única de cada pneumático.

83. Se circula co seu vehículo sobrecargado:

- a) aumenta o consumo de carburante.
- b) diminúe a estabilidade e a distancia de freado.
- c) aumenta a estabilidade e a distancia de freado.
- d) diminúe o tempo de reacción.

84. Para aforrar no consumo de carburante, é conveniente no inverno reducir a presión de inflado dos pneumáticos?

- a) Si, xa que co frío a presión aumenta.
- b) Si, xa que co frío a presión diminúe.
- c) Non, a presión debe ser a mesma no verán e no inverno.
- d) Variar a presión de inflado é un factor que non inflúe no consumo.

85. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O mantemento do vehículo, a presión dos pneumáticos e a aerodinámica do vehículo.
- b) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) O tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.
- d) A montaxe de freos de disco.

86. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) O tipo de freo que monte o vehículo.
- b) A porcentaxe de anticongelante que posúa o líquido do sistema de refrixeración.
- c) A presión de inflado dos pneumáticos.
- d) A situación das rodas motrices.

87. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?

- a) A posición do pedal do acelerador.
- b) O tipo de freo que monte o vehículo.
- c) O perfil da estrada.
- d) A presión dos pneumáticos.

88. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible, dependendo da velocidade á que se circule, que vantaxes presenta?

- a) Menor consumo, contaminación acústica e desgaste mecánico.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

89. O exceso de alcol no sangue pode incidir na condución en que...

- a) diminúe a capacidade de reacción.
- b) aumenta as funcións sensoriais.
- c) aumenta a seguridade no condutor.
- d) aumenta a atención.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

90. Dos seguintes vehículos, cales están exentos da instalación e uso do tacógrafo?

- a) Os autobuses de menos de 3.500 kg de MMA.
- b) Os autobuses cando traballen dentro dun radio de acción de 100 km ao redor da súa base.
- c) Os vehículos cunha velocidade máxima autorizada non superior a 40 km/h.
- d) Os vehículos cunha velocidade máxima autorizada non superior a 60 km/h.

91. Onde rexistra datos a unidade intravehicular dun tacógrafo dixital?

- a) No limitador.
- b) No computador de a bordo.
- c) Na tarxeta de condutor.
- d) No disco-diagrama ou folla de rexistro.

92. En canto se debe exceder a velocidade permitida nunha vía interurbana para que dita conduta se considere delito contra a seguridade viaria?

- a) En 50 km/h.
- b) En 80 km/h.
- c) En 100 km/h.
- d) Superar a velocidade permitida é unha infracción administrativa, pero nunca un delito.

93. Que se deberá ter en conta respecto a a utilización do cinto de seguridade?

- a) Que a parte superior da cinta debe pasar polo pescozo.
- b) Que debe levar correctamente abrochado, ben regrado e axustado ao corpo sen folgura.
- c) Que a parte superior da cinta debe pasar pola zona pélvica.
- d) Que deben levarse moi frouxos.

94. Que sinal indica que o vehículo de motor, por construción, non pode exceder a velocidade de 40 quilómetros por hora?

- a) As placas de matrículas homologadas, dianteira e traseira.
- b) O distintivo de nacionalidade española.
- c) O distintivo de nacionalidade estranxeira.
- d) A placa de vehículo lento.

95. Cal é a misión do sistema de alimentación?

- a) Fornecer unicamente aire para a combustión.
- b) Fornecer a cantidade de aire e carburante necesaria para a combustión.
- c) Fornecer a corrente eléctrica necesaria para producir a combustión.
- d) Fornecer a carga óptima á batería.

96. Cal dos seguintes datos forma parte da identificación dos pneumáticos?

- a) As dimensións.
- b) A capacidade de freada.
- c) A velocidade máxima permitida segundo do vehículo en que se monte.
- d) As presións de aire necesarias segundo o vehículo no que se monte.

97. Se a presión de inflado é superior á recomendada polo fabricante do vehículo...

- a) diminúe o risco de picada.
- b) desgástase maiormente pola zona central da banda de rodadura.
- c) non inflúe no desgaste do pneumático.
- d) sucede o mesmo que se a presión de inflado fose inferior ao indicado polo fabricante.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-07-2020 10.30 h

Exame: Mercadorías A

Lugar: Pazo de Congressos- San Lázaro

Duración: 120 MINUTOS

98. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, os danos sufridos polas mercadorías transportadas:

- a) non serán obxecto de indemnización en ningún caso.
- b) serán obxecto de indemnización se o dano supera o 50% do seu valor.
- c) non serán obxecto de indemnización se houberse negligencia do condutor.
- d) serán obxecto de indemnización en todos os casos.

99. Como rexistra o aparello de control as actividades dun minuto calquera se o minuto anterior e posterior se rexistran como conducción?

- a) Rexistra sempre conducción.
- b) Rexistra a actividade que se produciu con máis duración.
- c) Rexistra sempre outros traballos.
- d) Rexistra a actividade que se produciu en último lugar.

100. No caso dos túneles, onde se comezarán a pintar os galóns?

- a) Pouco antes do sinal vertical que indica o principio de túnel.
- b) Coincidindo co sinal de túnel.
- c) Pouco despois do sinal vertical de iluminación de curto alcance.
- d) Coincidindo co sinal vertical que aparece a entrada do túnel e marca a distancia entre vehículos.

<i>Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)</i>

101. Os contedores para granel entoldados deben recubrirse cun forro adicional lastrado cun material absorbente tratado cun desinfectante apropiado para transportar mercadorías da Clase:

- a) 4.3.
- b) 6.2.
- c) 5.1.
- d) 4.2.

102. O diferencial do sistema de transmisión...

- a) está formado por satélites e planetarios.
- b) está formado por un piñón de ataque e unha coroa dentada.
- c) atópase sempre en ródalas directrices.
- d) soamente actúa cando o vehículo circula en liña recta.

103. Dos datos que se indican a continuación, cal se expresa en xulios?

- a) A velocidade.
- b) A potencia.
- c) O consumo específico.
- d) A enerxía cinética.